

**CHARLA INFORMATIVA SOBRE A AVALIACIÓN FINAL DE PRIMARIA ORGANIZADA
POLA FEDERACIÓN PROVINCIAL DE ANPAS DA CORUÑA**

Estimadas familias: Enviámosvos copia da circular Nº 460/16 que nos envía a Federación Provincial de Anpas da Coruña para o voso coñecemento:

(Estimadas ANPAS e familias en xeral:

A Consellería de Educación xa anunciou que a nosa Comunidade continuará cumprindo os prazos da aplicación da LOMCE e polo tanto someterá ao alumnado á realización da proba da Avaliación Final de Primaria, cuxos resultados poderían servir para tomar decisións sobre a educación dos nosos fillos e fillas, indicando dunha forma pouco clara que de "resultar desfavorable esta avaliación, o equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas.

Ante esta proba son moitas as preguntas que nos facemos toda a Comunidade Educativa e en especial as nais e pais, entre elas

- As medidas que vai adoptar o centro no caso de que a avaliación Final de Educación Primaria do meu fillo/a resulte desfavorable, xa que a LOMCE establece, no seu artigo 20.2, que: "O alumno ou alumna accederá ao curso ou etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos e alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. Atenderase especialmente aos resultados da avaliación individualizada ao finalizar o terceiro curso de Educación Primaria e de final de Educación Primaria".
- Modo en que afectará o expediente do meu fillo/a en o caso de que a avaliación Final de Educación Primaria resulte desfavorable segundo os parámetros de corrección da mesma.
- As medidas ordinarias ou extraordinarias ou "outras medidas" que se adoptarán no caso de que o meu fillo/a non supere de forma satisfactoria a Avaliación Final de Primaria, tal como recolle o punto 4 do artigo 12 do Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro.
- Procedemento que se vai a seguir para garantir o dereito que ten o meu fillo/á a unha avaliación obxectiva que valore a súa dedicación esforzo e rendemento segundo recolle o artigo 12 Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro sendo que esta avaliación vai ser realizada por docentes doutro centro.

Falaremos destas cuestións na charla que organiza a Federación Provincial de ANPAS, coa colaboración das Asociacións de Nais e Pais, no **CPI Eusebio Lorenzo Baleirón de Dodro o día 13 de abril ás 20:00 horas**).

Esperamos contar coa vosa presenza,

Roís, 7 de abril de 2016

